

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE NOVEMBRO DE 2007

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

1320/07.- **Alejandro Suárez Pensado.-** Arranxos varios en viv. unif. sita en Aríns.-

1646/07.-**Santiago Rodríguez Deus.-** Viv. unif en semisoto, baixo e baixo-cuberta, en Berdía.-

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

2312/07.- **Coremains, S.L.-**.....Expte....1559/03.....20.000 €.-

#### APERTURAS.-

Lap/489/06.- **Garrote Metropolitana S.L.-** Apertura de Perfumería en R/ Alfredo Brañas núm.25.-

Lap/223/05.- **Cogami Reciclaxe de Galicia, S.L.-** Apertura de nave para tratamento de residuos no SUNP-37, parcelas 122, 123, 124, 125.-

### OCIHR

#### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

LIC/682/2007.- **DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN, S.A.-** Rehabilitación de dúas vivendas na Rúa do Medio nº 38.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas para 5 familias para gastos de comedor escolar por un importe de 2.117 euros.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

- Apróbanse inicialmente axudas para elementos especiais de madeira a dúas vivendas (rúa Nova e avenida de Figueroa), por un importe total de 8.910 euros.

- Apróbanse definitivamente axudas para catro vivendas (rúa do Vilar, rúa de Espírito Santo, rúa de Xelmirez e Algalia de Abaixo) por un importe total de 45.432 euros.

- Apróbase definitivamente unha axuda para un local comercial na praza do Toural, por un importe de 7.654 euros.

#### **8.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de semáforos na Praza PONTE CASTRO.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 25.518 euros.

#### **9.- Adxudicación do subministro de instrumentos para a Banda Municipal de Música.**

Adxudícase o subministro a Ángel Frieiro Casto, por importe de 13.978 euros.

#### **10.- Proposta dos concelleiros delegados de Infraestructuras e de Mobilidade relativa á concesión dun novo prazo de audiencia para a presentación de alegacións no expediente de asistencia técnica para a redacción do proxecto executivo e a dirección facultativa das obras da nova sede de Bombeiros.**

Concédesse a Alberto Noguero del Río un novo prazo de audiencia de 10 días hábiles para a presentación das alegacións que considere pertinentes.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición presentados contra o acordo de nomeamento de xefes de negociado.**

Resólvense os recursos.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á concesión de apoio a un proxecto empresarial para a súa cualificación como iniciativa local de emprego.**

Acórdase apoiar o proxecto empresarial INFRASALUD como iniciativa local de emprego.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento dun representante municipal nos consellos escolares de diversos centros.**

Acórdase nomear a Carlos Nieves Vicente representante municipal nos Consellos Escolares do CEIP López Ferreiro e na Escola rural de Feáns-Villestro, en substitución de Francisco Candela Castrillo.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao acordo de disolución da Xunta de compensación do Plan especial de reforma interior número 12 (PERI-12), do Colexio Peleteiro, e fixación do novo sistema de actuación.**

Autorízase a disolución da Xunta de Compensación do PERI-2 e fíxase como sistema de actuación o de concerto.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo dando conta da presentación do anexo de alumeado público no Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20) . Amanecida.**

Tómase coñecemento da presentación do anexo de alumeado público do proxecto de urbanización do SUNP-20 para a súa incorporación ao proxecto aprobado de conformidade co acordo de aprobación definitiva adoptado pola Xunta de Goberno de 29 de maio.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para poñer a disposición da Comunidade Autónoma de Galicia a parcela EE do proxecto de expropiación do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña para destinala a Centro de Ensino.**

Acórdase poñer a disposición da Xunta a devandita parcela.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta da sinatura de diversos convenios de colaboración.**

Dáse conta da sinatura dos seguintes convenios

- co centro cultural social Xoán XXIII (11.220 euros)
- coa Asociación Internacional Teléfono da Esperanza, ASITES (2.500 euros).
- coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista, ASPANAES (2.500 euros)
- coa Asociación de Persoas con Trastorno Bipolar e Unipolar, ABISGA (2.500)
- coa Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril, ALCER (2.500 euros)

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de diversas exencións nas taxas por subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense as devanditas exencións.

**19 a 98.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza**

**urbana, beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**101.- Dar conta pola concelleira delegada de Benestar Social da concesión dunha subvención ao Concello para prestación de servizos sociais de axuda a domicilio.**

Dáse conta da subvención concedida pola Xunta de Galicia destinada á prestación de servizos sociais pól as corporacións locais en concepto de Axuda a Domicilio "Novos proxectos", cunha contía de 120.000 euros.